

# CORAL DE RUADA

## HISTORIAL

A **CORAL DE RUADA** foi fundada no ano 1918 polos ourensáns **Fabriciano Iglesias, Xabier Prado “Lameiro”, Xulio Prieto Nespereira, Virxilio Fernández e Cesáreo Eire**. Presentouse no Salón Apolo de Ourense o día 24 de xuño de 1919 e en Madrid en 1920.

O seu primeiro director foi o mestre **Daniel González**, con quen visitou *América do Sur* en 1931 e, con outras Agrupacións Galegas, representou a Galicia na Feira Internacional de *Chicago* en 1934.

A **CORAL DE RUADA** ten actuado na práctica totalidade dos pobos, vilas e cidades de Galicia, nas máis importantes cidades españolas (entre elas Madrid, Barcelona, Salamanca, Sevilla, Málaga, Cádiz, Huelva, León, etc.), nas máis importantes cidades portuguesas (Porto, Coimbra, Guimaraes, Vila Real, Águeda, etc.), en Francia -onde participou nos festivais de Lorient (en tres ocasións) e Quimper- e viaxou en tres ocasións a América, actuando en Arxentina, Brasil, Uruguai, EE.UU. e Venezuela.

Desde a súa fundación, ten realizado numerosas gravacións de discos en distintas casas discográficas (Regal, Columbia, Alhambra, Decca, Hispavox, CBS, Zafiro, Edigal, Fonomusic, Emi, Do Cumio, Rula, Xerais, RTVE, Galinova, Ouvirmos... A última gravación, **“Sempre De Ruada”**, realizouse en 2005. En decembro de 2006 presentouse o CD **“Coro De Ruada: escena coral galega”** coa recuperación das primeiras cantigas gravadas nos anos 1929 e 1950. Ademais, dende 1926, ten participado en diversos filmes, vídeos, etc.

Na súa andaina, **CORAL DE RUADA** recibiu moitos galardóns e distincións, destacando entre elas a **garabata da bandeira doada pola S.M. D. Alfonso XIII**; a **Placa de Ouro do Centro Galego de Buenos Aires** (1931); **Bandeira do Concello de Ourense** (1954); **Medalla de Ouro da Provincia de Ourense** (1984); **Pedrón de Ouro** (1990); **Medalla de Galicia** (1992); **Medalla de Ouro do Liceo Recreo Ourense** (1994); **Medalla de Ouro da Cidade de Ourense** (1994); premio **“Manuel Lorenzo”**, na súa primeira edición, do Real Coro Toxos e Froles do Ferrol (2002); **Medalla de Ouro “Gaitero de Soutelo”** (2007); **Premio IAR** (2008); **Medalla de Ouro “Marcial del Adalid” da Real Academia Galega de Belas Artes “Nosa Señora do Rosario”** (2009); **Medalla Castelao** (2013)...

Na actualidade centra o seu labor na difusión dos temas folclóricos galegos e polifonía galega e universal nas Sociedades Culturais do País e do estranxeiro.

Dende o ano 2002 preside a Xunta de Goberno da **CORAL Eladio Quevedo Almoína**.

Compoñen a **CORAL**, actualmente, 44 voces mixtas e 7 instrumentistas (gaita, percusión, zanfona, piano e órgano) baixo a dirección de **Xoán Antón Vázquez Casas**.

---

### XOÁN ANTÓN VÁZQUEZ CASAS

O actual Director da **CORAL DE RUADA** estudou nos Conservatorios de Música de Ourense, Barcelona, Santiago de Compostela (Profesor Superior de Solfexo), Madrid (estudios de dirección de orquestra e coros) e Vigo (Profesor Superior de Composición). É profesor de Fundamentos de Composición no Conservatorio de Ourense dende o ano 1997. Pertence á Asociación Galega de Compositores dende o ano 2002, onde ven estreando obras con regularidade. Ten sido galardoado no concurso de composición coral “Cidade de Vigo” 2001. O seu catálogo compositivo abrangue máis de 200 obras, comprendendo obras sinfónicas, banda, música de cámara, música coral e solista.